

1. Contextualiza o texto de Carlos Casares na época correspondente, nomea tres características dos autores da súa xeración. Identifica e explica as características principais da súa narrativa, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinala outros dous autores contemporáneos e unha das súas obras

“Coma lobos”, *Vento Ferido* (Carlos Casares)

Agora pasóu xa e non hai paragüeiro que o arranxe i é millor calar por si acaso, por si volven e te untan e che dín veña vostede connosco, que cho poden decir, e te levan, que te poden levar e métente alí naquíl cuartiño e pregúntanche ¿ónde estaba vostede o sábado ás dúas da mañá?, eso por che preguntar algo, e ti non sabes qué decir e sóltanche un viaxe i aguantas porque inda que non queiras, aguantas, Eduardo, aguantas ou te perdes, aguantas como aguantan todos, anque despois os amigos che digan que ti non tes o que ten que ter un home porque si mo fan a min mórdolles o corazón, que todo o mundo é moi valente, todo o mundo, pero xa se víu que cando entraron na taberna e preguntaron polo Roxo, ninguén se atrevéu a defendelo i eso que todos eran amigos dil, pero cando lle dixeron Roxo, veña vostede connosco, ninguén protestóu. I agora o Roxo está podrecendo i o mal foi dil que morréu por se meter onde non debía, que o tiñamos ben avisado, que lle tiñamos ben dito mira, Roxo, que vas acabar mal, mira que vas por mal camiño, pero il era testarudo e non fixo caso, porque volta que todos os homes somos iguais e que temos dereitos, home sí, eso sabémolo todos, me cago na puta, tamén o sei eu, pero non se pode falar, que non, home, que non se pode i hai que aguantar e deixar os dereitos i as valentías a unha beira e si mexan por ti, deixa que mexen, que pró que han levar... E de nada che val que vaias alí e lle digas aquí estóu eu que son irmau do Roxo e veño a lles preguntar qué fixeron do meu irmau, que lle como o figado ó desgraciado que fose, que non che val de nada e vanche decir que eles non saben, que alá o xuez i ó millor cóllente e mañá apareces ti tamén tirado nunha cuneta. I ó que te azuce e che diga que non eres home, que non eres merecente de ser irmau do Roxo, dille que cale, que a vida é así i o que manda, manda i o que non, non manda nada, dígocho eu, Eduardo, dígoche de corazón que a ti non te nomearon pra nada, pra nada, Eduardo, pra nada, porque o meu fillo é testigo de que soilo lle dixeron ten que vir connosco pra arranxar un asunto i o teu irmau díxolles que non iba, que il estaba bebendo e que non tiña ningún asunto que arranxar fora de alí i entón iles sacaron as pistolas e xa non falaren máis i o Roxo miróu prós compañeiros e preguntóulles ¿e que xa non hai homes? e iles calaron coma mortos pois outra cousa non se podía facer si non querían morrer todos alí e naquíl intre chegou a Sara e díxolles ¿ónde levan ó meu home?, pero non lle contestaron nada, que eu penso que iles iban cocidos, que o Roxo era moito home e tiñan medo de que se lles repuxera. Mandárono subir á camioneta branca e marcaron con il cara o monte do Sarnadoiro. O demáis xa o sabes ti. Aparecéu morto dun tiro na cabeza. Agora xa pasóu. I é millor calar. Tamén calóu o médico cando lle levaron ó fillo. Sonche cousas da vida e dos homes, que somos lobos unhos prós outros, coma lobos, Eduardo, dígocho eu, coma lobos.